

Elabora un esquema coas ideas máis importantes que se reflexan nestes escritos de Bakunin.

O noso programa socialista esixe e debe esixir irrenunciabilmente:

1. A igualdade política, económica e social de todas as clases e todos os pobos da terra.
2. A abolición da propiedade hereditaria.
3. A apropiación da terra polas asociacións agrícolas, e do capital e de todos os medios de produción polas asociacións industriais.
4. A abolición do ordenamento xurídico da familia patriarcal, baseado exclusivamente no dereito a herdar a propiedade así como a equiparación dos dereitos políticos, económicos e sociais do home e da muller.
5. A crianza e educación dos nenos de ambos sexos ata a súa maioría de idade, entendéndose que a formación científica e técnica, na que se inclúen os niveis máis altos de formación, será igual e obligatoria para todos. A escola reemplazará á igrexa e fará innecesarios os códigos penais, os policías, os castigos, a prisión e os verdugos.

M. Bakunin. Os fundamentos económicos e sociais do anarquismo.

"(...) Penso que a igualdade debe establecerse no mundo mediante a organización espontánea do traballo e da propiedade colectiva das asociacións produtoras libremente organizadas... e non mediante a acción suprema e tutelar do Estado.

Ese é o punto que divide principalmente aos socialistas ou colectivistas revolucionarios dos comunistas autoritarios, partidarios da iniciativa absoluta do Estado. (...) Eles afirman que soamente a ditadura -a deles, evidentemente- pode crear a vontade do pobo. Nós respondémoslles: ningunha ditadura pode ter outro obxecto que o de perpetuarse; ningunha ditadura podería enxendrar e desenvolver no pobo que a soporta outra cousa que a escravitude. A liberdade só pode ser creada pola liberdade.

M. A. Bakunin./ Contra Marx. Oposición á idea de ditadura do proletariado.

"Marx é un comunista autoritario e centralista. Quere o que nós queremos: o triunfo da igualdade económica e social, pero no Estado e pola forza do Estado; pola ditadura dun goberno provisional, poderoso e, por dicilo así, despótico; isto é, pola negación da liberdade. O seu ideal económico é o Estado convertido no único propietario da terra e de todos os capitais (...)

Nós queremos ese mesmo triunfo da igualdade económica e social pola abolición do Estado e de todo canto se chame dereito xurídico, que, según nós, é a negación permanente do dereito humano. Queremos a reconstrución da sociedade e a constitución da unidade humana, non de arriba abaixo pola vía de calquier autoridade, sinon de abaixo arriba pola libre federación das asociacións obreiras de todas as clases emancipadas do xugo do Estado."

Bakunin. Carta a Rubicone Nabruzzi (1872).